

O Bosque Máxico

ILUSTRES

X. C. Domínguez Alberte



O pasado doce de xaneiro tivo lugar a entrega de premios do primeiro concurso de fotografía convocado por “O Bosque Máxico”. Para iso contou coa implicación de entidades patrocinadoras —as máis delas pequenos establecementos da zona— que, dende a sinxeleza das propostas, ofrecéronlle un pequeno agasallo aos galardoados en cada unha das trece modalidades temáticas que concorron ao certame.

As persoas que mateñen este xeitoso portal de internet (<http://www.obosque-maxico.com/>) propoñen, no seu manifesto fundacional, un serio exercicio de escoita, que non significa outra cousa que concentrar nel, neste bosque —o cal, en definitiva, representa a natureza pura da nosa terra—, toda a nosa atención. Para así sentir as súas voces, que chegan ata a mesma actualidade dende o máis antigo dos tempos.

O bosque máxico é, polo tanto, un proxecto para a recuperación, dinamización e preservación sostíbel dun territorio que abrangue catorce concellos das dúas bisbarras da parte suoroccidental ourensá, Terra de Celanova e Baixa Limia, que son aqueles municipios pertencentes ao GDR 16.

En cada un deles aparece deseñado e documentado con mapas, imaxes e cartografía dixital un roteiro que percorre, en cada caso, un patrimonio enxebre a través dunha natureza senlleira. Isto constitúe un convido auténtico a todos e todas os interesados en se mergullar nunha viaxe de historia auténtica a través dunha andaina en presente que se vale das prestacións da tecnoloxía máis moderna.

Deste xeito, como primeiras mostras dun vizoso circuío ateigado de posibilidades, en cada municipio ábrese un trazado que é unha oferta a se adentrar nas moitas potencialidades do noso territorio: os diferentes tramos do camiño da rainha santa —que discorre pola Merca, Cartelle, Celanova, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños—, a ruta do castro do santo —en Cartelle—, o percorrido polo bosque de Celanova, os castelos da Pía da Moura —en Entrimo—, o roteiro da canle de Escudeiros —entre Ramirás e Gomesende—, o dos currais da Fraga —en Lobeira—, o megalítico do val do Salas —en Muíños—, o do río Deva —en Padrenda e Pontedeva— e o do Penaga-



Dolmen no val do Salas. // Toni Álvarez

che —en Quintela de Leirado—.

Como se pode ver, é este un portal de internet que, día a día, se está a construír. Quere isto dicir que, en próximas datas, a oferta virtual hase ir enriquecendo ben máis. Non é pouco xa o camiño andado, sobre todo de se ter en conta a filosofía de partida, que fica patente na referida

carta de presentación citada ao comezo: “Temos que sentir o murmurio do vento, esa corrente de necesidade que nos axude a crear un espazo con ‘denominación de orixe’, un espazo no que se activen e xeren novas formas positivas e lóxicas de actuación. Novas formas nas que se acolá, se protexa e preserve, ante todo, a no-



Seima no bosque máxico. // Toni Álvarez

sa especie humana, co fin de crear un lugar máis axeitado no que poderemos vivir”.

Velaí, logo, conxuntados algúns elementos clave á hora de concibir a realidade presente: a valoración do propio como recurso primordial, a dedicación, o coidado e a rexeneración do noso medio natural, en tanto que lugar de asentamento e de fonte de prosperidade de todos os galegos e galegas, cuxo destino maioritario, en especial para aqueles que acadaron unha maior cualificación — polos seus méritos propios e por se beneficiaren dunha formación pagada cos impostos de todos—, é hoxe máis ca nunca a obriga de emigrar.

Cómpre, neste sentido, facer unha reflexión final ao respecto. O bosque máxico auténtico é aquel que goza dun nivel de desenvolvemento axeitado, consonte as potencialidades actuais, de xeito que os seus recursos se convertan en fonte continuada de creación de riqueza, vida e benestar para os seus habitantes.

Preguntemos, entón, se por parte, en especial, de quen tivo e segue a ter máis responsabilidades —políticas, directivas, económicas, en definitiva de capacidade de transformación— se levan feito as cousas ben ou, pola contra, moi mal. Porque, como é doado de ver, o abandono e a perda constante de poboación no interior do noso territorio —en especial aquela que está máis cualificada— son as notas constantes dunha realidade recente dun futuro ben mellor.

Contémplese, logo, a magnífica documentación que se ofrece a través desta páxina e, gozando da súa capacidade de suxestión, analícese as múltiples potencialidades que o interior da nosa terra atesoura. Para empezar a construír un concurso de ideas colectivo que teña como fin pórmos en marcha iniciativas proveitosas para todos que é urxente acometer.

La directora de Turismo de Perú se interesa por la política termal de la Xunta

Se reunió con el delegado territorial para preparar la participación en Termatalia

REDACCIÓN ■ Ourense

El delegado territorial de la Xunta, Rogelio Martínez, y la directora de Turismo de Promperú (Comisión para la Exportación y el Turismo de Perú), M^a del Carmen de Reparaz, abordaron ayer en las líneas de actuación y los ejes centrales de la apuesta del

Gobierno gallego en materia de termalismo como oferta turística de calidad, como la innovación, atracción de la inversión privada, promoción y dinamización del mercado.

El encuentro que se celebró ayer en la sede de la Delegación Territorial de Ourense, se enmarca dentro de las reuniones que

celebra Reparaz con motivo de la participación de Perú, como país invitado, en la próxima edición de Termatalia que se celebrará en Expourense en el mes de septiembre.

El pasado año la feria se había celebrado por primera vez fuera de Ourense, en la ciudad peruana de Callao.



Alejandro Rubín, Mª del Carmen de Reparaz y Rogelio Martínez. // F.V.